

El "CENTRO" da RODA

✦ Everardo Fernández González

Dende A Roda (Tapia) siguen chegándonos colaboracións de Verardo unde nos fala das historias pequenas que supóin día a día a vida d'un llugar y dos sous vecíos. É esta úa asignatura que ye queda por aprobar a ENTRAMBASAUGUAS y dende aquí femos un brinde a todas as asociacións vecinales y culturais ás que chega a revista pra que nos cunten as súas experiencias. Nesta ocasión Verardo esplicanos el trabayo feito en común pra ter un sito que dera acoyida ás inquietudes culturais que xurden nel llugar.

Foi pollos anos 1926 al 1930 condo úa asociación que se chamaba *Centro de Instrucción y Recreo* decidíu fer el qu'hoi coecemos por *El Centro*, ou seña, un edificio qu'acoyese al Asociación, sirvise pr'actos culturais y valise d'almacén pr'abonos y arabías da llabranza.

A xeira foi mui amolada porque os medios eran poueos y nun dispoñían de ningúna axuda oficial.

A pedra foi sacada del Cadavalín, úa pedreira que ta a un quilómetro d'unde taba proyectada el obra. El trasporte fixéronlo os vecíos con carros del país por úa caleya —*A Caleya d'Abreiras*— que taba pouco menos qu'intransitable. Era imposible chegar cos carros al pé das paredes y tían que llevar a pedra nas angareñas pollo menos cincuenta metros por entre a llama. Case toda sé fexo a *prestación* y así, con mui ben de sacrificios, foi rematándose.

Embaxo taba pensado, como dixen, pr'almacén y enriba pr'actos culturais, biblioteca y lo que fixe-se falta. A pesar dos medios tan precarios que tían, conseguiron poñer a biblioteca y compraron un organillo pra os bailes. El telón del escenario pintóulo Milio da Roda. Erá úa pintura maraviyosa: A Roda entera nun llenzo.


Pouco tempo disfrutaron del Centro os que lo feron. Houbo algús bailes, algo de teatro y un ano *dos Mártires* que chovéu toda a tarde, féxose allí a festa. Tocaba a *Banda dos Obedientes* de Ribadeo.

A Guerra Civil veu a dar al traste con todo. El Asociación quedóu disolta y el local clausurado; desaparecéu el telón, el organillo y a biblioteca. Al cabo, aquella xente que tanto sacrificio fixera foron marchando case todos sin apenas disfrutar de lo que tanto querían y tanto trabayaran.

Dende el ano 1936 hasta finales dos oitenta, el Centro tuvo case sin dar servicio y pouco a pouco foi quedando sin portas, sin ventás y, al cabo, quedóu feito un vertedeiro.

Nel ano 1982 formóuse na Roda un grupo de teatro. As representacións fíanlas nel aula da escola que cedéu el Alcalde D. Francisco Fernández

Quintana, pero nun era abondo sito y foi condo Manolo del Galano dixo qu'había qu'amañar el Centro.



Axina empezaron us trámites que resultaron ser mui carosos de fer. Lo primeiro foi organizar úa asociación: os estatutos redactóulos Manolo, formóuse a directiva, mandáronse a llegalizar y lo demás foi coser y cantar.

Cua mao que nos botóu Ramiro Álvarez —*Ramiro del Pernayo*—, que taba daquela nel Centro de Televisión Española en Asturias, solicitóuse úa subvención da Consejería de Cultura. El resultado nun puido ser miyor: concedéronnos máis de dous millóis de pesetas. Con ese dieiro, a colaboración del Ayuntamiento de Tapia y a prestación de varios vecíos, fomos quén a restaurar el edificio y hoi ta en pleno funcionamento. Tres asociacións tein a residencia nel tan estimado local cuas correspondentes actuacións.

Nun cabe duda de que Manolo del Galano foi a pedra angular d'esta última singladura. Tamén Ramiro xugóu un papel importante. Pero, al cabo, foi A Roda quen ganóu: ganóu col edificio, qu'é orgullo del llugar y honra dos nosos padres, y ganóu tamén en actividades, xa que son muitas as que se fain durante el ano.